



MUIMENTA VIVA · FASE CERO

Convocatoria pública para a selección de Residente permanente (persoa Conectora)

Sende & Anceu Coliving · Convocatoria aberta · Xuño–Decembro 2026

1. Ficha da convocatoria

Proxecto	Muimenta Viva
Entidades promotoras	Sende Coliving e Anceu Coliving e Fundacion Ría
Posto	Residente permanente (Persoa Conectora)
Tipo de relación	Contrato de servizos (autónoma)
Duración	7 meses (xuño–decembro 2026)
Contraprestación	800 €/mes (5.600 € totais con ive incluído)
Aloxamento	Incluído na aldea de Muimenta (sen custo para a persoa residente)
Dedicación	Media xornada orientativa; con presenza continuada en Muimenta
Lugar de traballo	Muimenta, concello de Carballeda de Avia, Ourense, Galicia
Prazo de solicitude	5 de xuño ás 18:00
Contacto	hello@anceu.com

2. Contexto do proxecto

Muimenta Viva é a fase cero dun proxecto máis amplo: a creación dun coliving aldea en Muimenta. Neste momento, Muimenta é un conxunto de espazos rehabilitados con potencial, unha comunidade de referencia e a vontade compartida de construír algo duradeiro.

Esta fase cero, que se estende de maio a decembro de 2026, ten como misión facer que a aldea empece a estar viva: activar os espazos, atraer persoas creadoras, tecer rede e xerar as condicións reais para que ese futuro coliving sexa posible. O proxecto artículase en dous formatos complementarios:



- 5 encontros de comunidade (máx. 5 horas, 10-20 participantes, con comida incluída).
- 2 a 4 residencias creativas de artistas, creadoras ou profesionais que habiten e activen a aldea durante unha residencia temporal.

A persoa Residente permanente (Persoa Conectora) é a figura central que fai posible este proceso: vive en Muimenta, coordina os eventos, acompaña as residencias, dá visibilidade dixital ao proxecto e crea un tecido social coa veciñanza e actores clave da contorna.

3. Funcións e responsabilidades

3.1 Xestión e coordinación

- Residir de forma continuada en Muimenta durante os 7 meses do proxecto (15 de xuño - 15 de decembro).
- Coordinar e executar os 5 eventos de comunidade: loxística, comunicación previa, acollida e dinamización das sesións.
- Apoiar a coordinación das residencias creativas: recepción de residentes, acompañamento no día a día, resolución de incidencias.
- Participar nas reunións semanais de seguemento co equipo de Sende e Anceu Coliving.
- Xestionar o contacto cos provedores locais para os eventos (catering, espazos, etc.).

3.2 Comunicación dixital

- Publicar un mínimo de 1 post semanal en Instagram documentando o proceso, os espazos e os encontros.
- Manter e actualizar a web do proxecto en coordinación co equipo.
- Producir contido fotográfico e/ou audiovisual das actividades de forma autónoma.
- Responder mensaxes e consultas a través dos canles dixitais do proxecto.

3.3 Dinamización comunitaria

- Ser punto de contacto visible e accesible para a comunidade de Muimenta e a contorna.
 - Identificar e conectar con axentes locais, asociacións e persoas de interese para o proxecto.
 - Elaborar un informe mensual breve de actividade para o equipo coordinador.
-



4. Perfil requerido

4.1 Requisitos mínimos de admisión

Para ser admitida ao proceso de selección, a persoa candidata deberá cumprir todos os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade e ter capacidade legal para facturar como autónoma (si aínda non estás dada de alta, podes facelo máis tarde).
- Residir ou estar en disposición de residir de xeito en Muimenta por un período mínimo de dous meses e preferiblemente durante os 7 meses que dura o proxecto.
- Ter coñecementos de xestión de redes sociais (especialmente Instagram) e capacidade de produción de contidos dixitais.
- Dominio oral e escrito do galego e do castelán. Valorarase coñecemento do inglés.
- Disponibilidade para asistir a reunións semanais en formato presencial ou telemático co equipo coordinador.

4.2 Perfil valorado

Valorarase especialmente o cumprimento dos seguintes aspectos, que serán obxecto de puntuación no proceso de selección:

- Experiencia en xestión de proxectos culturais, creativos ou comunitarios.
- Vinculación ou interese demostrado polo mundo rural, a ruralidade activa ou os procesos de repoblación.
- Capacidade de produción audiovisual (fotografía, vídeo, edición) ou disposición aberta de aprender sobre a materia co equipo xestor os conceptos básicos.
- Experiencia ou interese en dinamización comunitaria, facilitación de grupos ou procesos participativos.
- Coñecemento do ecosistema coliving, coworking ou economía colaborativa.
- Rede de contactos en comunidades creativas, artísticas ou tecnolóxicas.

5. Criterios de selección e puntuación

A selección realizarase por un comité formado por representantes de Sende e Anceu Coliving, Fundación Ría e Consellería de Emprego. O proceso ten dúas fases:

5.1 Fase 1 – Revisión de admisibilidade

Verificarase que a candidatura cumpre todos os requisitos mínimos do apartado 4.1. As solicitudes que non acrediten estes requisitos quedarán excluídas sen pasar á seguinte fase. Non se puntúan requisitos mínimos.

5.2 Fase 2 – Valoración de méritos (100 puntos)



Criterio de valoración	Puntos máx.	Descrición / Escala
A. Motivación e adecuación ao proxecto	30 pts	Entrevista: claridade do proxecto persoal, aliñamento coa misión de Coliving Muimenta Viva.
B. Experiencia en comunicación dixital	10 pts	0-10 pts: portfolios de redes/web sen experiencia relevante. 11-20 pts: experiencia contrastada con resultados demostrables.
C. Experiencia en xestión de proxectos	20 pts	5 pts: proxectos puntuais. 10 pts: coordinación de proxectos propios. 15 pts: liderazgo de proxectos complexos ou de equipo.
D. Vinculación co rural e/ou procesos comunitarios	15 pts	5 pts: interese manifesto. 10 pts: experiencia puntual. 15 pts: traxectoria sólida demostrable.
E. Capacidade audiovisual	10 pts	0-5 pts: habilidades básicas. 6-10 pts: portfolio de calidade ou formación específica en fotografía/vídeo.
F. Coñecemento do ecosistema coliving/coworking	10 pts	5 pts: coñecemento teórico. 10 pts: experiencia directa como residente, xestor/a ou colaborador/a.
G. Participación no programa Fixar	5 pts	5 pts: ser participante actual ou egresada/o do programa Fixar. Acreditarase con documentación ou referencia verificable.
TOTAL	100 pts	<i>Puntuación mínima para pasar a entrevista: 40 puntos</i>

As candidaturas que superen os 40 puntos na valoración de méritos pasarán a unha entrevista persoal ou videochamada co comité de selección. A entrevista non supón puntuación adicional, pero poderá ser decisiva en caso de empate ou dúbida entre candidaturas.

6. Proceso de solicitude

6.1 Documentación a presentar

Toda a documentación deberá remitirse en formato PDF ao correo hello@anceu.com co asunto: «Candidatura Residente permanente – [Nome e Apelidos]».



- Formulario de candidatura cuberto (dispoñible na web do proxecto).
- CV actualizado (máximo 2 páxinas).
- Portfolio ou enlaces a traballos de comunicación dixital relevantes (redes, webs, campañas, etc.).
- Calquera outro material de apoio que consideres relevante: portfolio audiovisual, referencias de proxectos, carta de terceiros, etc. (opcional).

6.2 Calendario do proceso

Fase	Data orientativa
Publicación da convocatoria	15 Maio 2026
Prazo de presentación de solicitudes	5 de xuño ás 18:00
Revisión de admisibilidade	5 días hábiles tras o peche do prazo
Valoración de méritos e entrevistas	Semana seguinte á revisión de admisibilidade
Resolución e comunicación	5 días hábiles tras as entrevistas
Incorporación	15 Xuño 2026

7. Condicións da relación

- A contraprestación é de 800 €/mes durante 7 meses (5.600 € totais con iva incluído), en concepto de servizos de coordinación e comunicación.
- A persoa residente contará con aloxamento gratuíto nas casas rehabilitadas de Muimenta durante toda a duración do proxecto (se inclúen gastos de electricidade, auga e internet)
- Os materiais operativos necesarios para as residencias estarán cubertos polo Concello.
- O equipo coordinador comprométese a proporcionar acompañamento, soporte e integración nas redes de Sende e Anceu Coliving.
- A relación formalizarase mediante contrato de servizos.

8. Protección de datos

Os datos persoais facilitados serán tratados por Sende Coliving e Anceu Coliving exclusivamente para a xestión desta convocatoria, de conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD) e a normativa española vixente. As candidaturas non



seleccionadas serán destruídas ao remate do proceso de selección, salvo consentimento expreso para a súa conservación en bolsas de emprego ou convocatorias futuras.